



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN DO SUBMINISTRO DE INTEGRACIÓN DA REDE DE VIDEO VIXILANCIA DO TRÁFICO Expte. 1632/2021 (Apertura e cualificación da documentación administrativa e da oferta técnica. Sobre A)

Na Casa do Concello, ás 13:40 horas do día 7 de outubro de 2024, reúnen-se os membros compoñentes da Mesa de Contratación para a contratación dun sistema de videovixilancia de tráfico, integrada por:

Presidente: Fernando Diego Davila Santos (departamento de informática).
Secretaria: Angelina Carrera Márquez, administrativo de Secretaría.
Vogais: Carlos López Quintáns, secretario municipal; Valeria Loureiro Viñas, Viceinterventora municipal e Yolanda Carballido Martínez, administrativo da Unidade de Contratación Todos eles segundo o disposto na Resolución nº 2024/3792, do 27 de setembro .

O obxecto desta Mesa é proceder á apertura e cualificación da documentación administrativa e da oferta técnica contida no sobre electrónico A, presentado polos licitadores, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público para a adxudicación do SUBMINISTRO DUN SISTEMA DE VIDEOVIXILANCIA DE TRÁFICO por importe de 18.321,32 euros e que se leva a cabo na data previamente publicada no perfil do contratante.

O procedemento de adxudicación será aberto , tramitación ordinaria.

Pola Presidencia dáse por constituída a Mesa de Contratación.

Despois de acceder á Plataforma de Contratación do Sector Público, compróbase que se presentou o seguinte licitador:

1.- **RicarSAT S.L** de Santiago de Compostela, o día 30 de setembro de 2024, ás 10:40 horas, representada por Carlos Failde Pereiras

Pola secretaria da Mesa infórmase que dita empresa presentou a documentación en tempo e forma.

De seguido procédese á apertura do Sobre A que contén a documentación administrativa e a proposta técnica .

1. **RicarSAT S.L** , presenta:

-DEUC, do que se deduce que se atopa inscrito no Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, que non se atopa en ningunha das situacións de prohibición para contratar e que cumpre cos criterios de solvencia



-Memoria técnica, avaliable mediante xuízos de valor (20 páx) onde se describe:

- A localización e ubicación dos equipos (8 ubicacións).
- Os equipos a instalar.
- As características do sistema de videovixilancia e control de matrículas
- Plan de implementación e cronograma (medios persoais e materiais; memoria explicativa e detallada da forma e orden de execución das uniades de obra; Procedementos para realizar os traballos do plan de actuación)
- Integración e configuración
- Formación
- Servizos e mantemento durante o período contratado de 12 meses

A Mesa cualifica correcta a documentación contida no Sobre A e admíteaa á licitación.

Tendo en conta a Memoria Técnica achegada, a Mesa acorda a súa remisión ao responsable do departamento de Informática para que no prazo de 10 días hábiles emita informe de valoración.

E cando son as 13:45 horas, dáse rematado este acto do que eu, secretaria da Mesa, dou fe.

